



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

A/A:
Director de RR.HH.
PSA PEUGEOT CITROËN

Vigo, 14 de Setembro de 2010

Nestes días por problemas de produción estáselles a notificar ó colectivo de traballadores/as de Fin de Liña de Montaxe da quenda de noite, o seu cambio de taller.

Un proceder grave, que non ten precedentes. Durante todos estes anos, sempre entendemos que os responsables asignados a cada un dos Talleres, tiñan como principal cometido, afrontar os problemas dende unha análise profunda sobre todos aqueles factores que interveñen no traballo como son os propios medios, os repartos.. cargas, etc. Neste caso alguén colle o camiño máis cómodo e dicide despachar a todo ó colectivo de traballadores/as.

Non se pode actuar con tanta impunidade, eiquí alguén esta perdendo o sentido da responsabilidade, confundindo persoas con números sen reparar nos danos psicosociais.

É sorprendente que se actúe tan drasticamente nesta situación, e ó tempo se sexa tan insensible ante algunhas peticións de cambio por causas de limitacións ou simplemente por levar toda a vida na cadea.

¿Que se tería que facer con aqueles que levan a cabo reformas no útil industrial e logo a produción non sae ?, claro que neste caso, de novo, estamos os traballadores/as, particularmente os da quenda de noite, para cargar na mochila da flexibilidade coas consecuencias. Así por exemplo, o domingo anterior vimos a traballar e o mércores marchamos ás 2. Este domingo, incluso algúns colectivos entraron as 8 da tarde, e de novo onte as 3 da mañá mándanos para casa.

Sr. Dtor. de RR.HH. eiquí, quen leva o paso cambiado non é Fin de Liña de Montaxe senón o seu Responsable.

Confederación Intersindical Galega